



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Finanzas Internacionais		Código	611G01037
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía			
Coordinación	Iglesias Gomez, Guillermo	Correo electrónico	guillermo.iglesias@udc.es	
Profesorado	Iglesias Gomez, Guillermo	Correo electrónico	guillermo.iglesias@udc.es	
Web				
Descrición xeral	O obxectivo da materia é o estudo das ferramentas básicas para o análise do funcionamento do mercado de divisas (Forex) e para dispor de fundamentos que permitan comprender a evolución dos tipos de cambio e as súas tendencias a curto e longo prazo. Os fundamentos teóricos que se estudan son, fundamentalmente, a teoría da paridade dos tipos de xuro e a teoría da paridade do poder adquisitivo. A principal aplicación práctica que se pretende explicar é o deseño de operacións de cobertura do risco cambiario mediante contratos forward para empresas de comercio exterior e empresas multinacionais. Tamén analizaráanse as relacións dos tipos de cambio con mercados internacionais de financiamento e investimento.			
Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos Non hai modificacións 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Mantéñense todas. Coas correspondentes adaptacións para o desenvolvemento virtual, ou semipresencial, mediante ferramentas telemáticas como Moodle, Teams ou correo electrónico. *Metodoloxías docentes que se modifican Non hai 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Moodle, Teams e correo electrónico. Atendese baixo demanda do estudiantado dacordo coa dispoñibilidade do profesor de luns a venres. 4. Modificacións na avaliación Non hai modificacións *Observacións de avaliación: Realízase a adaptación correspondente para a súa operatividade mediante ferramentas telemáticas como Moodle, Teams ou correo electrónico. 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non hai modificacións			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Entender a función que desempeñan os tipos de cambio no comercio internacional, nos fluxos de capitais e o xeito no que estes se determinan.	A1 A2 A3 A11 A12	B1	C1
Manexar un modelo económico que relacione os tipos de cambio, os tipos de interese e outras variables macroeconómicas importantes, tales como a taxa de inflación e o nivel de produción.	A2 A3 A4 A11 A12		
Recoñecer a influencia dos factores que afectan aos tipos de cambio reais e aos prezos relativos das monedas a longo prazo.	A2 A11 A12		C1
Identificar os factores que inflúen na determinación do tipo de cambio no curto prazo.	A2 A11 A12		C1
Coñecer as principais vías de influencia das políticas monetaria e fiscal sobre o tipo de cambio e a produción nacional a curto prazo.	A2 A11 A12	B2 B3 B4	C1
Comprobar o importante papel do tipo de cambio no funcionamento dos mercados internacionais de débeda, de accións e de materias primas	A2 A11 A12		C1
Resolver casos prácticos que esixen a aplicación de principios básicos que permiten entender a relación entre tipos de interese, prezos e tipos de cambio.	A2 A11 A12	B2 B3 B4 B5 B7	C1
Usar informacións e datos relevantes co fin de investigar a realidade dos mercados financeiros en xeral e dos mercados de divisas en particular.		B5 B6 B8	C1
Evaluar a evidencia empírica dispoñible sobre a relación entre diñeiro, tipos de interese e tipos de cambio.	A9 A12		C1
Mostrar interese polas cuestións relacionadas co campo de estudo das Finanzas Internacionais		B9	C4
Manexar fontes documentais en inglés	A11		
Participar activamente na discusión dos temas abordados no programa da materia			C1 C4
Colaborar activamente na realización de traballos en equipo			C4
Apreciar a importancia das consideracións éticas no desenrolo da actividade profesional no sector financeiro			C4 C6

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Fundamentos das finanzas internacionais	1.1 O mundo das finanzas internacionais 1.2 O mercado de divisas (Forex) 1.3 A cobertura do risco de cambio
2. Determinantes dos tipos de cambio	2.1 Enfoque de Balanza de Pagos 2.2 Mercados monetarios e tipos de xuro 2.3 Niveis de prezos e taxas de inflación 2.4 Explicacións integradoras. As expectativas



3. Mercados internacionais e tipos de cambio	3.1 Mercados de débeda e de accións
	3.2 Mercados de materias primas
	3.3 O investimento internacional

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A3	17	34	51
Solución de problemas	A4 A9 A11 A12 B2 B1 B3 B4 B5 B6 C1 C4	15	30	45
Estudo de casos	A9 A11 A12 B2 B1 B3 B4 B5 B6	8	12	20
Lecturas	A2 A11 C6	0	6	6
Discusión dirixida	B7 B8 B9	2	0	2
Proba mixta	A4 A12 C6	2	20	22
Atención personalizada		4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral por parte do profesor, complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe
Solución de problemas	Resolución de casos prácticos concretos que esixen a aplicación dos coñecementos que se traballaron na aula.
Estudo de casos	Descrición dunha situación específica que expón un problema que ha de ser comprendido, valorado e resolto polo alumno a través dun proceso de discusión dirixido polo profesor
Lecturas	Conxunto de textos e documentación escrita que se recolleron e editaron como fonte de profundización nos contidos traballados na aula. Presentaranse en papel ou en soporte dixital. Informarase previamente ao estudante dos contidos que terá que traballar
Discusión dirixida	Dinámica de grupo dirixida polo profesor
Proba mixta	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe que se realiza co obxectivo de avaliar coñecementos, capacidades e destrezas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Solución de problemas Proba mixta Estudo de casos	Atención e resolución de dúbidas relativas aos contidos explicados na sesión maxistral ou que xorden nos procesos de resolución de casos prácticos e na discusión de casos.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Solución de problemas	A4 A9 A11 A12 B2 B1 B3 B4 B5 B6 C1 C4	Resolución de problemas prácticos que esixe a aplicación dos coñecementos que previamente se traballaron na aula. Realizaranse dúas probas avaliáveis ao longo do curso.	40



Proba mixta	A4 A12 C6	Consistirá nunha única proba escrita que permita avaliar o nivel de coñecemento do alumno sobre os contidos do programa desenvolvidos na aula e tamén da súa aplicación.  Esta proba poderá incluír preguntas tipo test.	10
Estudo de casos	A9 A11 A12 B2 B1 B3 B4 B5 B6	Formulación dunha actividade específica que requira traballo de análise e estudo aplicado polo alumno baseándose no desenvolvido ao longo do curso. Realizarase unha proba avaliable ao longo do curso.	50
Outros			

Observacións avaliación



Nas actividades de carácter teórico que esixan un desenvolvemento por escrito, valoraranse especialmente, ademais dos coñecementos, a linguaxe empregada, a capacidade de análise e o grao de síntese. Na parte práctica valorarase especialmente a capacidade de aplicar os conceptos e principios abordados na parte teórica para resolver casos e problemas prácticos.

Coa realización das probas avaliáveis que se desenvolverán durante o curso, o alumno pode alcanzar o 100 % da cualificación final (10 puntos).

Para superar a materia requírese unha cualificación final mínima de cinco puntos (computada a suma da avaliación das diferentes metodoloxías).

A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia, solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático

Cualificación de non presentado: Obterán a cualificación de non presentado aqueles alumnos que non participasen na avaliación continua de actividades realizada ao longo do curso en porcentaxe superior ao 20 %.

A avaliación da convocatoria de segunda oportunidade realizarase cos mesmos criterios, e o mesmo aplicárase no caso de convocatorias adiantadas, adaptándose ao calendario oficial establecido pola facultade. En todo caso, poderáse acadar o 100% da cualificación.

A avaliación da convocatoria adiantada: poñerse en contacto co profesor da materia ao inicio do cuadrimestre.

Para os alumnos con dedicación a tempo parcial e dispensa de asistencia, agás para as datas aprobadas na Xunta de Facultade no que compete a probas obxectivas, para as restantes actividades avaliáveis acordarase, de ser necesario, ao inicio do curso un calendario específico de datas compatible coa súa dedicación.

Está prohibido o acceso á sala de exames con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e / ou o almacenamento de información. O alumno deberá demostrar a súa personalidade, cando se lle requira, de acordo coa normativa vixente.



<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Carbaugh, R. J. (2009). Economía Internacional. México D.F.: Cengage Learning</li><li>- Eun, C. S.; Resnick, B. G. (2007). Administración financiera internacional. México D.F.: McGrawHill, cuarta edición</li><li>- Kozikowski, Z. (2013). Finanzas internacionales. México D.F.: McGrawHill Educación</li><li>- Krugman, P. R.; Obstfeld, M.; Melitz, M. (2016). Economía Internacional. Teoría y Política. Madrid: Pearson, décima edición</li><li>- Levi, M.D. (2005). International Finance. New York: Routledge, cuarta edición</li><li>- Weithers, T. (2006). Foreign Exchange. A Practical Guide to the FX Markets. New Jersey: Wiley Finance, UBS</li></ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	 

## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías